



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 17 de xuño de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 10 de xuño de 2020.
2. Dáse conta da comunicación relativa ó convenio de colaboración para subvencionar medidas a adoptar nas praias por causa do COVID-19, da Dirección Xeral de Administración Local.
3. Dáse conta das bases de subvencións para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
4. Dáse conta da modificación das datas de presentación de solicitudes de subvención correspondentes ó Plan Concellos 2020, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta das bases xerais de subvencións a festivais de artes escénicas, da Axencia Galega das Industrias Culturais.
6. Dáse conta da aprobación do Plan de Fomento da Empregabilidade na Provincia de Pontevedra denominado "O teu primeiro emprego 2020", da Deputación de Pontevedra.
7. Acórdase desistir da solicitude de subvención do Plan Concellos 2020, Liña 2, da Deputación de Pontevedra, por imposibilidade de celebración do obxecto para o que se solicitou a subvención.
8. Acéptase a subvención concedida, por importe de 18.000 €, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade en colaboración coas entidades locais para a contratación de 6 persoas desempregadas para a obra ou servizo "Salvamento e Socorrismo".
9. Acéptase a subvención concedida, por importe de 139.374,00 €, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión perceptoras da Risga para a realización da obra ou servizo denominado "Apoio ao servizo de obras públicas".
10. Acéptase a subvención concedida, por importe de 13.750,00 €, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación dunha persoa traballadora desempregada para a realización da obra ou servizo denominado "Apoio ao servizo de limpeza forestal".
11. Acéptase a subvención concedida, por importe de 310.283,00 €, pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan Concellos 2020, con destino ó financiamento do investimento "Proxecto básico e de execución en relación ó campo de fútbol da Raña", comprometendo o Concello a achega de 120.172,07 €.
12. Concédese licenza de obras de reforzo de estrutura e impermeabilización en edificio sito en Jaime Janer, nº 141, Marín.
13. Concédese licenza de obras para a ampliación de oficina en nave sita no Porto de Marín, Subsector S-14.
14. Concédese licenza de obras para a adecuación estrutural e cambio de tella en Dr. Otero Ulloa, nº 42, Marín.
15. Concédese licenza de obra para a construción de anexo a vivenda unifamiliar sita en Ameal, nº 3D, Marín.
16. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005406900N9R9N9W8O0R1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200344169
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 07/07/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/07/2020 12:48:57	Fecha: 07/07/2020 Hora: 12:48





ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

1. Acórdase o inicio do expediente de contratación da "Redacción de proxecto, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra, da execución subsidiaria de adaptación da edificación construída ás condicións da licenza do inmovible sito en Camiño de Agute nº 180".
2. Acórdase a solicitude de adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a posta en marcha do programa para o control da COVID-19 nos efectivos da Policía Local dos concellos galegos.
3. Apróbase o proxecto de Servizos Comunitarios Básicos e Especializados do Plan Concertado 2020 e solicítase subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para Servizos Sociais Comunitarios.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005406900N9R9N9W8O0R1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200344169
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 07/07/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/07/2020 12:48:57	Fecha: 07/07/2020 Hora: 12:48

